



Acta núm. 01/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 12 de xaneiro de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 12 de xaneiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 37/2020, DO 22.12.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 37/2020, DO 22.12.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22.12.2020, acta núm. 37/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan Bautista Rodríguez García, que di actuar en representación de HERMINÍA MARÍA GARCÍA RUSO, na que comunica que vai realizar obras de conservación na cuberta do alpendre sito en Mourentáns 47, Viceso, substituindo as tellas en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 002200800NH24G0000FW), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.b), está dentro da zona de afección da DP-1302, fora da liña de edificación e sitúase dentro dunha parcela integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como VE6 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada na Deputación Provincial da Coruña o 16.12.2020 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,71 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,28 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MARÍA GARCÍA GÓMEZ, na que comunica que vai construír un peche en Aguiar 39, Brión, con mampostería de pedra

granítica, ata unha altura máxima de 1 metro, postes de madeira tratada e reixa por encima, ata unha altura total de 1,75 metros, medidos desde a rasante natural do terreo. Colocaranse ademais dous portalóns de entrada, un para os vehículos e outro peonil.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 6568609NH2466N0001EQ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche linda coa vía pública e situarase a 5,5 metros do eixe do vial polo linde sur e a 4 metros do eixe do vial polo linde leste, segundo plano do documento administrativo de cesión asinado o 29.05.2019, previo á concesión da licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar outorgada pola Xunta de Goberno Local o 04.06.2019.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 106,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 171,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARTA GÓMEZ SÁNCHEZ, na que comunica que vai construír un peche en Chave de Ponte 49, Bastavales, coas seguintes características:

.- O peche de separación coas parcelas lindantes, de aproximadamente 75,5 metros lineais, con bloque de formigón branco e reixa metálica.

.- O peche en contacto coa vía pública, 25 metros lineais, con sillares de pedra ata 1 metro de altura, e o resto, 45 metros lineais, con 3 filas de bloque de formigón branco e reixa metálica, e situarase a 5,50 metros do eixe do vial, segundo plano de emprazamento visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.06.2019, en base ao cal se lle concedeu licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar, na Xunta de Goberno Local o 25.06.2019.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 9115111NH2491N0001HB) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A altura máxima da parte cega do peche será de 1,20 metros e a altura máxima total do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 117,75 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 182,32 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JOSÉ MANUEL LOUZAO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Chave de Ponte 47, Bastavales, coas seguintes características:

.- O peche de separación coas parcelas lindantes, de aproximadamente 140 metros lineais, con tres filas de bloque de formigón branco e reixa metálica.

.- O peche en contacto coa vía pública, de 36 metros lineais, con muro tradicional de sillares de pedra ata 1,80 metros de altura e situarase a 5,50 metros do eixe do vial principal e a 4 metros do eixe do vial lateral, segundo plano de emprazamento visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.04.2019, en base ao cal se lle concedeu licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar, na Xunta de Goberno Local o 09.05.2019.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 9115114NH2491N0000LL) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A altura máxima da parte cega do peche será de 1,20 metros e a altura máxima total será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 267,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 331,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BECERRA NEO, na que comunica que vai construír un peche en Goiáns 14, Luaña, con cinco filas de bloque e celosía por encima, de aproximadamente 21,75 metros lineais, en contacto coa vía pública.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 7944808NH1474S0001ID) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche situarase mínimo a 6 metros do eixe do vial, segundo a ordenanza de aplicación.

.- As filas de bloques serán convenientemente revestidas e pintadas.

.- A altura da parte cega do peche será máximo de 1,20 metros e a altura total será máximo de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,38 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,95 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ESTHER ALLER NIEVES e COSME BARCO FERNÁNDEZ, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Coruxido 56, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.11.2020 e documentación complementaria visada o 28.12.2020.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 7505142NH2470N0000TJ) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.11.2020 e documentación complementaria visada o 28.12.2020.

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello, aceptado pola Xunta de Goberno Local o 25.06.2019, que implica a pavimentación de todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada) e a execución das conexións de abastecemento, saneamento, pluviais, con tubo de sección 40 cm, e canalización do alumeado público, imponse un aval bancario ou

fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.529,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.625,43 euros.

CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González